

ANTE A FALTA DE DEREITOS nas condicións especiais de traballo

ACORDO MARCO REGULADOR XA!



Búscanos e únete
para recibir información

 CIG Autonomica

 @CIGAautonomica

 CIG Autonomica

<http://autonomica.cigadmon.gal>

ANEXO PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE INCENDIOS FORESTAIS

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O presente anexo será de aplicación ao persoal do SPIF que realice actividades propias da prevención, detección, extinción de incendios forestais e apoio ás continxencias no medio natural e rural.
2. Quedan incluídos o persoal vixilante fixo, emisorista, bombeiro forestal, bombeiro forestal condutor de motobomba, bombeiro forestal condutor, bombeiro forestal en labores de vixilancia móbil, bombeiro forestal xefe de brigada e bombeiro forestal oficial de defensa contra incendios forestais.

2. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. Todo o persoal adscrito a este servizo debe ser empregado público da Xunta de Galiza.
2. Co fin de contribuír na mellora da estabilidade laboral e a eficacia do servizo ampliarase o tempo de traballo do persoal fixo-descontínuo ata alcanzar os 12 meses.

3. XORNADA DE TRABALLO, HORARIO E DESCANSOS

1. A xornada de traballo será en quendas continuadas, rotativas e equilibradas entre as 0 e as 24 horas.
2. A duración máxima da xornada diaria será de dez horas.
3. A xornada comezará e rematará a partir do lugar de reunión ou centro de control.
4. Nas tarefas de vixilancia nas casetas terase incluírse unha hora de descanso dentro da xornada.
6. As quendas que comprendan entre as 13 e as 16 horas e entre as 21 e 23 horas terán dereito a dispoñer dunha hora en cada un deses períodos para xantar ou cear. No caso de incendio ou emerxencia a administración facilitará o fornecemento de comida e bebida.
7. A cada traballador/a garantiráselle o descanso de fins de semana alternos e da metade dos festivos tanto no período de alto coma no de baixo risco.

8. O sistema de libranzas e quendas seguirá a seguinte cadencia: T L T L L T T L T L T L L

T=traballo L= libre

9. A orde xeral da cadencia de quendas será a seguinte: T-T/M-M-N

T: de 14 a 24 horas M: de 08 a 18 horas N: de 22 a 08 horas

Estas quendas terán unha duración mínima dunha semana e un máximo de dúas.

10. No caso das brigadas helitransportadas o seu horario estará en función do orto e do ocaso.

11. Aquelas brigadas que pernoiten fóra do seu distrito terán unha compensación dun día de descanso adicional a solicitude do traballador/a.

4. VACACIÓNS E PERMISOS

1. O persoal ten dereito a elixir a totalidade das súas vacacións, pero só poderá desfrutar a metade no período de alto risco.
2. Nos períodos e tempadas de perigo alto de incendios forestais, concederanse os permisos e licenzas debidos a circunstancias que non permitan pospoñer o seu goce.
3. Os permisos por asuntos propios serán solicitados un mínimo de tres días antes do seu goce e a denegación será motivada por escrito e coa suficiente antelación.

5. NOCTURNIDADE

Realizarase como máximo unha semana de quenda de noite dentro de cada catro semanas e a súa retribución irá incluída no complemento específico.

6. REGULACIÓN DE TAREFAS

1. As tarefas serán prioritariamente de prevención e apoio en continxencias no medio natural e rural nos meses en que haxa un menor risco de incendios forestais e

as labores en tempada de alto risco serán vixilancia, disuasión e extinción.

- Os domingos e festivos realizaranse labores de vixilancia e mantemento de instalacións, vehículos e maquinaria.

7. FUNCIÓNS XERAIS

Son funcións xerais deste persoal a vixilancia, labores silvícolas preventivos, detección e extinción de incendios forestais, así como a realización e mantemento de obras e infraestruturas relacionadas con estas funcións e especificamente

- Execución dos tratamentos preventivos baixo plans de defensa e seguridade rural
- Execución de labores de vixilancia e detección de incendios forestais.
- Coordinación e execución de operacións de extinción de incendios forestais.
- Revisión e mantemento de infraestruturas, equipos e instalacións para a prevención e extinción de incendios e divulgación á poboación de medidas preventivas
- Apoio nas continxencias no medio rural e intervención directa en caso de ser solicitado polas autoridades competentes ata a chegada dos medios especializados.

8. FORMACIÓN

- A formación será fundamentalmente a contemplada no Real Decreto 624/2013 ou norma que o substitúa.
- Acordarase no último trimestre de cada ano coa representación sindical unha formación específica de conceptos de análise tanto estratéxico coma táctico e operacional para o ano seguinte.

9. SAÚDE LABORAL E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

As avaliacións de riscos laborais asociados a esta actividade deberán ter en conta polo menos os seguintes riscos:

- RISCOS DERIVADOS DO AMBIENTE LABORAL:
 - Inhalación de po, fumes, gases ou vapores.
 - Exposición a substancias carcinóxenas.
 - Exposición a ambientes térmicos ou luminosos
 - Exposición a axentes biolóxicos.
 - Derivados de factores psicosociais.
- RISCOS DERIVADOS DAS MATERIAL/FERRAMENTAS DE TRABALLO:
 - Os realizados con posturas forzada e mantidas,

manexo de cargas.

- Manexo de vehículos.
- Manexo de máquinas que orixina vibracións.
- Manexo de materiais explosivos.
- Manexo de materiais ou substancias inflamables.
- Manexo de equipos eléctricos.
- Manexo de equipos informáticos.
- Outros riscos por utilización de equipos básicos
- Pantallas de visualización de datos

c) CIRCUNSTANCIAS ESPECÍFICAS DO MEDIO LABORAL:

- Traballo a quendas.
- Traballo nocturno.
- Traballos de especial perigo, penosidade e toxicidade
- Traballos en intemperie.
- Traballo en alturas.
- Traballo en condición de illamento

Os EPIS e outros equipamentos de traballo serán tratados con carácter previo a súa adquisición no Comité de Seguridade e Saúde Laboral de EPIS.

10. APTITUDE FÍSICA

De xeito periódico, a Consellería do Medio Rural promoverá o mantemento físico do persoal, incluíndo avaliacións e probas periódicas acordadas coa idade, sexo e posto de traballo.

11. MOBILIDADE XEOGRÁFICA E FUNCIONAL

Igual que a establecida no V Convenio



12. REGULARIZACIÓN DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN TEMPORAIS E SUBSTITUCIÓN

A contratación temporal e substitución de tódalas baixas, permisos, licenzas e vacacións realizarase de xeito áxil e no prazo máximo dun 1 día no período de alto risco.

13. ESTABLECEMENTO DUN PLAN DE CREACIÓN E MELLORA DAS INSTALACIÓNS

- A Consellería do Medio Rural acordará coa representación do persoal un plan plurianual con desenvolvemento e avaliación anual de creación e mellora das instalacións: bases do persoal de distrito, bases aéreas e puntos de vixilancia e accesos a estes.
- En caso de que o acceso ás casetas non estea en condicións de circulación, deberá proporcionárselle ao persoal vixilante un vehículo axeitado.

14. ENCADRAMENTO NA ACTIVIDADE E OCUPACIÓN

O persoal debe estar encadrado na Clasificación Nacional de Actividades Económicas baixo o código 84.25, correspondente a Protección Civil e serán recoñecidos como bombeiros/as forestais encadrados na Clasificación Nacional de Ocupacións, baixo o epígrafe 11-5932, segundo o establecido no Real Decreto 1591/2010, do 26 de novembro.

15. ENFERMIDADES PROFESIONAIS

A Xunta de Galiza instará ao recoñecemento das enfermidades profesionais consonte a clasificación de enfermidades profesionais establecida no Real Decreto 1299/2006 e como mínimo as seguintes:

- 2A01: Hipoacusia ou xordeira profesional por ruído.
- 2 B01 e 2 B02: Enfermidades osteoarticulares ou angioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas.
- 2D01: Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo.
- 4 H01: Enfermidades causadas por contacto ou inhalación de substancias de alto peso molecular, substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias encimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos.
- 4I01: Enfermidades causadas por contacto ou inhalación de substancias de baixo peso molecular (metais e os seus sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico-plásticas, aditivos, etc.): rinoconxuntivite, asma, alveolite



alérxica extrínseca S. de disfunción da vía aérea reactiva, fibrose intersticial difusa, neumopatía intersticial difusa, urticarias, angioedemas e outras de mecanismo impreciso.

16. SEGUNDA ACTIVIDADE

A segunda actividade no persoal bombeiro será aos 55 anos, estará desligada das tarefas de extinción e desenvolverase de acordo á súa categoría/escala e no mesmo ámbito territorial.

17. COEFICIENTES REDUTORES DA IDADE DE XUBILACIÓN

- Dado que a actividade de prevención e extinción de incendios forestais é unha profesión sometida a un alto índice de perigosidade, toxicidade e penosidade, no prazo de 6 meses instarase o procedemento para establecer os coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación, ao abeiro do establecido no RD 383/2008 ou outra normativa.
- Consonte o parágrafo anterior, regularizaranse as cotizacións correspondentes para que se apliquen os coeficientes redutores a tódalas especialidades e categorías de persoal bombeiro forestal.

